



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE MAIO DE 2012**

### **LICENZAS**

#### **EDIFICACIÓN.-**

LIC/627/2010 E LAP/76/2010.- RAQUEL VARA GONZÁLEZ.- Conceder as licenzas de obras de acondicionamento e de apertura de fabricación de produtos de pastelería, confitería, bollería, repostería e pan de xeito artesanal en Esquipa, 18 – Santiago de Compostela.

LIC/235/2012.- JOSÉ MANUEL UZAL MIRAMONTES.- Conceder a licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Requesende.

#### **PRÓRROGA.-**

LIC/740/2012.- D. JESÚS IGLESIAS FERNÁNDEZ.- Conceder a prórroga da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/01/2012 para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa San Lourenzo (de), 65.

#### **APERTURAS.-**

LAP/94/2011.- PRIMARK TIENDAS SL.- Licenza de apertura de tenda de venda de equipamento persoal no lugar As Cancelas – Avda. do Camiño Francés. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o dictame de incidencia ambiental.

#### **AUTORIZACION AUTONOMICA.-**

LIC/48/2012.- BASELISA LAGARES GARCIA.- Solicitud de autorización autonómica para legalización de construción anexa a vivenda, ampliación de cobertizo e edificación auxiliar no lugar Castiñeira Pequena (A), 4.

LIC/790/2009.- JESÚS FERRÍN SILVA.- Solicitud de autorización autonómica para rehabilitación vivenda-molino, para vivenda unifamiliar na rúa Ribeira de San Lourenzo nº 21.

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

LIC/784/2012.- Promociones y Gestiones del Tambre, SL.- ... LIC/1749/2008 ..... 2.000 €.-

LIC/785/2012.- Promociones y Gestiones del Tambre, SL.- ... LIC/1744/2008 ..... 2.000 €.-

LIC/786/2012.- Promociones y Gestiones del Tambre, SL.- ... LIC/1741/2008 ..... 2.000 €.-

LIC/787/2012.- Promociones y Gestiones del Tambre, SL.- ... LIC/1747/2008 .....2.000 €.-

**6 a 100.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios.

**101.- Autorización de permuta das casillas NA 338, do Concello de Santiago e da NA 346 do Mercado de Abastos.**

Autorízase a permuta.

**102.- ANULACIÓN DO TRASPASO DA CASETA NC156-157-158-159 REALIZADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO 01/08/2011 E DESIGNAR COMO TITULAR A MERCEDES NOGUERA CARDELLE.**

Anúlase o traspaso.

**103.- Autorización transmisión caseta NC208 a favor de MILAGROS ARCA RODRIGUEZ por falecemento da súa nai Milagros Rodríguez González**

Autorízase a transmisión.

**104.- CESION DAS CASILLA NC240-241 A FAVOR DE MERCADO DEABASTOS DE SANTIAGO S. COOP. G.**

Autorízase a cesión.

**105.- Autorización permuta das casetas NA355, NA 356 do Mercado de Abastos polas NC45, NC46 do Concello de Santiago.**

Autorízase a cesión.

**106.- Aprobación do proxecto de aprobación inicial da ordenanza de ocupación e uso da vía pública.**

A XGL votou favorablemente á aprobación inicial do novo proxecto de ordenanza de ocupación e uso da vía pública. Queda esta ordenanza escindida da de circulación, que será a de mobilidade e que se está a elaborar.

**107.- Proposta da Asesoría Xurídica relativa á desestimación dun recurso extraordinario de revisión interposto contra a adxudicación provisional do servizo de redacción do proxecto básico e executivo e redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do centro cívico de Romaño-Vista Alegre.**

Desestímase o devandito recurso.

**108.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización do uso de instalacións do CEIP PIO XII para o verán 2012, por mor do programa de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Educación para levar a cabo a realización dun Campamento de Verán, con actividades deportivas, ingles, música e servizo comedor nas instalacións do CEIP PIO XII. O Concello entendeu moi positiva a solicitude da Asociación de Pais e Nais do Alumnado do Centro para a realización destas actividades que se enmarcan dentro dun Programa de conciliación da vida laboral, familiar e persoal no centro.

-Datos: do 25 de xuño ao 31 de xullo de 2012.

-Horario: de 8:30 h ás 15:00 h.

-Espazos a utilizar: aulas, comedor e pavillón de deportes.

**109.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á resolución das solicitudes de autorización do uso das hortas municipais nas parcelas do parque de Belvís.**

A XGL aprobou, a proposta da Concelleira de Medio Ambiente, outorgar a 31 persoas a horta municipal que eles mesmos elixiron no acto público que se celebrou o 24 de abril. Así mesmo aprobouse unha lista de agarda producida pola ampla demanda de uso das hortas municipais, composta de 46 persoas. Tamén se rexeitaron 13 solicitudes por seren presentadas fóra de prazo ou por ser os solicitantes persoas da mesma unidade familiar ou ter o mesmo domicilio. Houbo catro renuncias.

**110.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dun orzamento para gastos de mantemento das instalacións deportivas.**

Apróbase un orzamento de 17.500 euros.

**111.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á adxudicación do servizo de prevención da contaminación por lexiónela nas instalacións deportivas municipais desde o 1 de xuño de 2012 ata o 11 de marzo de 2013.**

Apróbase un orzamento para a devandita adxudicación de 15.607 euros.

**112.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución por mutuo acordo do contrato para a redacción do plan especial do núcleo rural de Meixonfrío (PEMMU-6) .**

Resólvese por mutuo acordo o contrato e devólvese a fianza de 8.198,76 euros.

**113.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución por mutuo acordo e devolución de garantía definitiva do contrato para a redacción do plan especial de equipamentos que permita a execución dun polideportivo cuberto ao carón do C.P. Rodríguez Xixirei en Lavacolla.**

Resólvese por mutuo acordo o contrato e devólvese a fianza de 19.600 euros.

**115.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento da solicitude presentada pola Deputación da Coruña o**

**9 de marzo de 2012 do Proxecto de expropiación para a execución das obras do proxecto CP7804.r2 modificado núm. 2 de Travesía na C.P. 7804 de Val do Dubra a Santiago P.K. 21,20 ao P.K. 21,71 (0511300013.0).**

Rexéitase a solicitude da Deputación por un defecto formal. A Deputación terá que facer un novo convenio no que se inclúa a modificación.

**116.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do programa de impartición de obradoiros, a través do monitorado especializado, actividades intercentros e memoria final do programa "En positivo, Por unhas relacións sen violencia" .**

Apróbase o devandito programa dedicado a profesores e escolares de secundaria por un importe de 17.630 euros.

**117.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das horas extraordinarias e do plus de transporte.**

Apróbase a proposta.